
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE GALICIA
O DÍA 10 DE MARZO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se regulan as axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos camiños de Santiago.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito dun camiño de servizo da AC-441 entre os PQ:14 + 230 –PQ:14 + 630 así como un treito que vai dende o cemiterio de Baíñas ata a intersección coa AC-441, a prol do Concello de Vimianzo.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Castro da Cidade de Saceda, no termo municipal de Cualedro, na provincia de Ourense.
- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Castro da Cidade de Borneiro, no termo municipal de Cabana de Bergantiños, na provincia da Coruña.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a establecer un anticipo de ata o 90% dos importes das subvencións que se concedan ao abeiro da orde pola que se regula a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a establecer un anticipo de ata o 90% dos importes das subvencións concedidas ao abeiro da Orde pola que se anuncian axudas económicas destinadas ao fomento do asociacionismo municipal a través de mancomunidades de municipios e consorcios locais.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dezaseis millóns douscentos oitenta mil oitocentos vinte e seis euros con setenta e oito céntimos (16.280.826,78 euros), correspondente á obra de conservación ordinaria e vialidade invernal da zona norte da provincia de Lugo.
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dezasete millóns oitocentos noventa e un mil douscentos corenta e dous euros (17.891.242,00 euros), correspondente á obra de conservación ordinaria e vialidade invernal da zona sur da provincia de Lugo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto reformado do modificado ao parque eólico Hépotas, concello de Muras (Lugo), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración de material de incontinencia urinaria con destino a centros hospitalarios dependentes Servizo Galego de Saúde e para as residencias sociosanitarias, por un importe total de once

millóns douscentos vinte mil novecentos vinte e oito euros con catro céntimos (11.220.928,04 euros).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba a suspensión do Plan Galego de Acuicultura de 2008.
- Acordo polo que se aproba o inicio da tramitación do Plan Director de Acuicultura de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o acceso ao correo electrónico, a Intranet e Bibliosaúde para persoal xubilado do Servizo Galego de Saúde

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a apertura ao público do Pazo de Meirás.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU O DECRETO QUE AXILIZA E FACILITA OS TRÁMITES PARA AS AXUDAS DESTINADAS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO RURAL, EN CASCOS HISTÓRICOS E NO CAMIÑO DE SANTIAGO

- *O decreto tamén regula as subvencións para o remate de fachadas*
- *O texto unifica a normativa dispersa en materia de rehabilitación no medio rural e nos conxuntos históricos.*
- *Simplifícanse os trámites para que as actuacións de rehabilitación resulten máis atractivas para os propietarios das vivendas.*
- *O decreto establece os requisitos que deberán cumprir as vivendas a rehabilitar e os seus propietarios ou arrendatarios, no caso de que se destinen ao alugueiro*
- *Tamén se regulan as contías das axudas*

As subvencións da Xunta de Galicia destinadas a fomentar a rehabilitación de vivendas no medio rural, nos conxuntos históricos e no Camiño de Santiago, así como ao remate de fachadas en vivendas que quedaron sen finalizar contan cun novo marco xurídico unha vez que o Consello da Xunta de Galicia aprobou, na súa reunión de hoxe, o “Decreto polo que se regulan as axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos camiños de Santiago”.

Este decreto cumpre dúas funcións primordiais:

- A unificación nun único texto de toda a normativa legal que rexía as rehabilitacións no medio rural e nos conxuntos históricos galegos.
- A simplificación dos trámites burocráticos, que facilitarán as actuacións dos propietarios das vivendas que se van rehabilitar.

A anterior normativa, que regulaba a Cédula de Rehabilitación de Calidade que o presente decreto derroga, establecía un procedemento administrativo complexo e lento que desincentivaba aos propietarios das vivendas de acometer a súa rehabilitación. O sistema que agora queda derogado chegaba incluso a exixir aos propietarios das vivendas a realización de obras que non tiñan previstas como condición indispensable para a concesión das axudas, o que, en moitos casos, incrementaba de maneira notable os orzamentos da rehabilitación, impedindo a súa execución en moitos casos en que os propietarios das vivendas non dispoñían dos fondos ou o financiamento necesario para facer fronte a ese incremento do custo.

O decreto aprobado hoxe elimina determinadas esixencias na tramitación das axudas por estar xa acreditadas a través doutras administracións, como é a través das licenzas municipais e regúlase a posibilidade de modificar as obras aprobadas en función dos imprevistos xurdidos durante a súa execución e incluso de reducir as obras inicialmente previstas cando a situación económica do solicitante o aconselle, reducindo proporcionalmente a subvención pero sen que por isto se perda o dereito a axuda sobre a parte de obra executada. Deste xeito flexibilízase o procedemento permitindo adaptar as obras aos imprevistos aos que sempre están expostas as actuacións de rehabilitación, facilitando as actuación dos seus propietarios e mantendo as garantías do boa uso dos fondos públicos.

Co obxectivo de que os recursos públicos se empreguen efectivamente naquilo ao que están destinados, límtase a posibilidade ampliación das vivendas con axudas públicas, de maneira que a superficie útil das vivendas rehabilitadas que se amplíen será a superficie máxima das vivendas protexidas, que está fixada en 140 metros cadrados. Desta maneira garántese o dereito á rehabilitación e á ampliación das vivendas co obxectivo de garantir aos moradores o desfrute dunha vivenda digna, pero evítase subvencionar actuacións que van máis aló da rehabilitación ou a creación de espazos destinados a usos diferentes aos da vivenda cuxo financiamento non debe correr por conta da Administración pública. Se a superficie inicial da vivenda é superior aos 140 metros cadrados contarase con axudas para a rehabilitación, pero non para a súa ampliación.

Requisitos

Para acceder ás axudas para rehabilitación que establece o decreto é preciso que tanto as vivendas como os seus propietarios cumpran unha serie de requisitos, basicamente os seguintes.

- As vivendas deberán ter unha antigüidade mínima de 10, 15 ou 40 anos:
 - 10 anos no caso de axudas para remate de fachadas.
 - 15 anos para rehabilitación de edificios ou vivendas.
 - 40 anos para reconstrución de edificios ou vivendas.
- Acreditar a residencia do propietario no inmovible salvo que as obras se realicen coa finalidade de arrendar a vivenda. Nese caso haberá que presentar o contrato de alugueiro por un período mínimo de cinco anos.
- A vivenda dedicarase a residencia habitual e permanente do propietario durante o prazo como mínimo, de 5 anos a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de cualificación definitiva. No caso de vivendas para aluguer deberán estar alugadas durante un mínimo de cinco anos.
- No caso de galegos residentes no exterior da comunidade autónoma, e que non destinen as vivendas a alugueiro, deberán residir na vivenda rehabilitada ou

reconstruída durante polo menos 15 días ao ano, tal como establece a Lei de Vivenda de 2008.

- Ingresos familiares ponderados máximos:
 - 3,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) cando se trate de actuacións no ámbito rural
 - 6,5 veces o IPREM, cando se trate de actuacións para uso propio nos ámbitos históricos e dos Camiños de Santiago
 - No caso de vivendas para alugueiro, os inquilinos non poderán superar 4,5 veces o IPREM

Remate de fachadas e cubertas

Incluiranse nesta categoría as actuacións que recollen a execución das obras de remate en edificacións cuxos paramentos de fachada ou cubertas non se remataron no momento da construción do edificio, polo que actualmente presentan como único acabado de fachada ou de cuberta, materiais que non foron deseñados para quedar vistos e que deturpan a imaxe exterior da edificación e do contorno no que esta se sitúa.

Para poder acceder ás axudas deberá acreditarse que a vivenda foi habitada durante un período mínimo de cinco anos. Desta maneira evitase que as axudas se destinen a vivendas que aínda se atopan en construción, como pasaba co decreto de 2006.

As axudas para o remate de fachadas obrigan a deixar rematado o exterior da vivenda, rematando todas as súas fachadas e colocando lousa, tella ou outro material de cuberta no tellado. Tamén será obrigatorio rematar as fachadas de todas as construcións anexas, propiedade da mesma persoa e que se atopan a menos de 15 metros da vivenda.

Rehabilitación de edificios e vivendas

As actuacións de rehabilitación son as que, dentro dos límites da primitiva vivenda, teñen como obxectivo:

- Mellorar as condicións estruturais e de seguridade do edificio e a vivenda.
- Mellorar as condicións de accesibilidade.
- Mellorar as condicións construtivas, funcionais ou de habitabilidade.
- Remodelación de vivendas, mediante obras que teñan por obxecto a variación da distribución interior para adecualas ás necesidades das persoas usuarias ou mellorar as condicións relativas aos requisitos básicos do Código Técnico da Edificación.
- A remodelación de edificios, entendendo por tal aquela que teña por obxecto a variación dos límites das vivendas, a modificación do número de vivendas

existentes no edificio ou a adaptación ao uso de vivenda de espazos que orixinalmente non tiñan o dito uso.

- A mellora da eficiencia enerxética da vivenda, do edificio ou das súas instalacións.
- A ampliación da superficie útil da vivenda mediante a incorporación de espazos que, incluídos dentro dos límites da edificación existente non tiveran o uso da vivenda cando se trate de satisfacer as necesidades de persoas con problemas de mobilidade ou maiores de 65 anos, se busque adaptar a vivenda ás necesidades dos seus moradores ou se busque a protección e posta en valor do patrimonio construído.

Non se considera rehabilitación o baleiramento das vivendas, a eliminación ou substitución da estrutura horizontal das plantas habitables do edificio que afecten máis do 20 por cento da superficie da vivenda ou edificio sobre o que se actúa e as actuacións de amoblamento ou de acabados interiores que non estean ligadas a outras obras de rehabilitación.

Reconstrución de edificios ou vivendas

O decreto define como reconstrución de edificios ou vivendas as que teñen por obxecto recuperar para o uso, en condicións semellantes a unha obra nova, as vivendas ou edificios existentes cando se cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que as obras impliquen a eliminación, substitución ou nova execución de, polo menos, un 20 por cento da estrutura horizontal da planta das vivendas ou edificios sobre os que se actúa.
- Que teñan por obxecto a ampliación dunha vivenda unifamiliar fóra dos límites da edificación primitiva e as ditas obras sexan necesarias por algunha destas razóns:
 - Dotar a vivenda de condicións axeitadas de habitabilidade.
 - Resolver os problemas de accesibilidade das persoas moradoras na vivenda.
 - Dar cumprimento ás esixencias da normativa urbanística.
 - Por requirimentos da normativa de protección do patrimonio ou para poñer en valor o patrimonio arquitectónico.
 - Ser preciso incrementar a superficie útil da vivenda para satisfacer as necesidades das persoas moradoras nela, sempre que a superficie útil final da vivenda non supere os 140 metros cadrados.

Os edificios ou vivendas que se van reconstruír deberán contar como mínimo con todas as fachadas da edificación primitiva.

Axudas

As axudas consistirán en subvencións a fondo perdido do 50 por cento do orzamento protexido, co límite de 6.600 euros no caso de obras de remate de fachada e rehabilitación e 8.600 euros na modalidade de reconstrución de edificios e vivendas.

As axudas serán convocadas a través dunha orde que se publicará proximamente no Diario Oficial de Galicia, na que se regulará o prazo de solicitude e o importe máximo que se destinará en 2011 a cada unha das modalidades.

A XUNTA AUTORIZA O CAMBO DE TITULARIDADE DUN TREITO DUN CAMIÑO DE SERVIZO DA ESTRADA PEREIRA- BERDOIAS (AC-441) A PROL DO CONCELLO DE VIMIANZO

- *No cambio de titularidade tamén se inclúe outro treito que vai dende o cemiterio de Baíñas ata a intersección coa AC-441*
- *A Dirección Xeral de Infraestruturas estima axeitado o cambio de titularidade dos treitos mencionados, tendo en conta que adquiriu características netamente urbanas*
- *A entrega das vías formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)*
- *O Concello de Vimianzo, a partir da formalización da entrega, encargarse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do vial*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito dun camiño de servizo da estrada Pereira- Berdoias (AC-441) así como un treito que vai dende o cemiterio de Baíñas ata a intersección coa citada estrada a prol do Concello de Vimianzo.

Na cláusula terceira do convenio asinado entre o Concello de Vimianzo e a Xunta de Galicia para a realización das obras de “Acondicionamento dos accesos ao Cemiterio de Baíñas”, prevese a transferencia a prol do Concello de Vimianzo, da titularidade das obras recollidas no convenio.

O Concello de Vimianzo realizou un cemiterio na zona oeste do núcleo de Baíñas, próximo á intersección da estrada AC-441 coa estrada Baíñas- Vimianzo. Para que os habitantes de Baíñas poidan acceder ao cemiterio con seguridade, realizouse a actuación consistente no aproveitamento do camiño de servizo da estrada AC-441 entre o pk 14 + 260 e 14 + 630. Con esta actuación mellórase a seguridade viaria xa que o tráfico de peóns nunca cruzan a AC-441.

A Dirección Xeral de Infraestruturas estima axeitado o cambio de titularidade dos treitos mencionados, tendo en conta que adquiriu características netamente urbanas e de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, formula proposta favorable á transferencia da titularidade.

A entrega das vías formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a o da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

O Concello de Vimianzo, a partir da formalización da entrega, encargarse de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén lle corresponden ao ente municipal o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova administración titular da estrada.

Cesión regulada

Cómpre sinalar que no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

A citada Lei de estradas dispón no artigo 54 que as estradas provinciais ou os tramos determinados delas nos que a circulación adquira características urbanas, entregaránselles aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da administración titular da estrada e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O CASTRO DA CIDÁ DE SACEDA EN CUALEDRO (OURENSE)

- ***O Consello da Xunta declara BIC o Castro da Cidade de Saceda, incluídos os vestixios arqueolóxicos, por ser un xacemento da etapa inicial e de transición á fase de apoxeo da cultura castrexa e por posuír un imponente e monumental sistema defensivo***

O Consello da Xunta vén de declarar Ben de Interese Cultural, coa categoría de monumentos, o Castro da Cidade de Saceda, incluídos os vestixios arqueolóxicos, no termo municipal de Cualedro, na provincia de Ourense. A elección deste xacemento arqueolóxico para a súa declaración como BIC fundaméntase principalmente no seu carácter de exemplo ilustrativo dun castro da etapa inicial e de transición á fase de apoxeo da cultura castrexa; e no seu imponente e monumental sistema defensivo, factores que determinan unha sobranceira significación cultural e un gran potencial para a súa posta en valor.

O Castro de Saceda sitúase nun outeiro sobresaínte sobre a chaira que o rodea, ao sur da Serra do Larouco, nas penechairs entre a serra e a depresión de Verín, na conca do río Támega. Historicamente esta comarca foi unha zona estratexicamente situada nun lugar central do convento bracarense da Gallaecia romana, con capital en Braga, delimitado sobre unha área xeográfica que tiña xa anteriormente peculiaridades culturais propias, froito dunha tradición que viña xa da Idade do Bronce ou da primeira Idade do Ferro. Este xacemento ten gran valor monumental polas súas estruturas e reúne características morfolóxicas similares aos da comarca, ademais de ser aquel que proporcionou unha cronoloxía máis antiga dos estudados ata agora na zona.

O monumento da Cidade de Saceda abrangue unha área de 734.464 metros cadrados onde se engloban amplas calzadas enlousadas, cabanas pétreas, o sistema defensivo máis exterior como son as murallas e os foxos, e unha área de seguridade susceptible de situar outras non visibles en superficie. Inclúe ademais os vestixios arqueolóxicos descubertos pola investigación e os espazos consubstanciais a estes. O seu contorno de protección abrangue 422.830 metros cadrados seguindo criterios de visibilidade e visibilización da cidade.

Os condicionantes xeográficos e históricos foron determinantes das particularidades deste castro, que logo se repetirían no conxunto dos castros desta zona. A característica máis salientable é o potente e variado sistema defensivo, composto por imponentes murallas pétreas, construídas a tramos con bloques ciclópeos e que se conservaron núas en toda a súa extensión sen estar cubertas de terra. Esta

circunstancia, xunto coas súas dimensións actuais, así como as derrubas que se aprecian aos seus pés e o carrexo de pedra ao longo dos séculos, dan idea da consistencia e monumentalidade que acadaron no momento de máximo apoxeo.

O Castro de Saceda érguese no medio dunha chaira, cun gran control visual sobre o contorno. Trátase dun castro non romanizado, con leves influencias do mundo romano debidas aos contactos comerciais, pero non a unha influencia romanizadora directa. Neste xacemento atopáronse materiais cerámicos e unha importante colección de achados metálicos. A súa cronoloxía abrangue dende o século VI antes de Cristo ao I despois de Cristo, cunha lixeira e residual reocupación no século V despois de Cristo.

No período de ocupación principal constátanse dúas fases: a primeira, dos séculos VI e V a. C., caracterizada por construcións en materiais perecedoiros nunha zona concreta do poboado (a croa); e a segunda, do século IV a. C. ao século I d.C., onde salientan o arrasamento da primeira fase, a reorganización urbanística e a petrificación total das súas estruturas.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O CASTRO DA CIDÁ DE BORNEIRO EN CABANA DE BERGANTIÑOS

- ***O Consello da Xunta declarou BIC, coa categoría de monumento, o Castro da Cidade de Borneiro, por ser un xacemento que conta con numerosas intervencións arqueolóxicas e polo bo estado de conservación da maioría das estruturas existentes***

O Consello da Xunta vén de declarar Ben de Interese Cultural, coa categoría de monumento, o Castro da Cidá de Borneiro, incluído os vestixios arqueolóxicos, no termo municipal de Cabana de Bergantiños (provincia da Coruña). As numerosas intervencións arqueolóxicas realizadas neste xacemento e o bo estado de conservación da maioría das estruturas existentes foron os motivos principais para impulsar a súa declaración BIC, feito que garante a súa conservación e evita a súa perda, destrución ou deterioración.

O xacemento arqueolóxico coñecido como *A Cidade de Borneiro* é un dos elementos sobranceiros da cultura castrexa na Costa da Morte, está situado nun pequeno outeiro a uns 500 metros ao sur da Igrexa de San Xoán de Borneiro, nunha zona actualmente dedicada a monte baixo con piñeirais, cunha ampla visibilidade dende o litoral. Unha das súas características máis destacables é o axeitado estado de conservación que presentan, na maior parte dos casos, as estruturas presentes no interior da maioría destas construcións, como son os furados de poste e os fogares.

O monumento do castro cos seus recintos e todas as estruturas, incluídos os sistemas defensivos máis exteriores e unha área de seguridade onde se desenvolveron actividades a el vinculadas, abrangue unha área de 50.567 metros cadrados. Prevese unha contorna de 22.033 metros cadrados cuxa alteración podería afectarlle negativamente aos seus valores, estudo e contemplación. A área ou contorna de protección proposta trata de adaptarse ao territorio circundante baseándose en criterios de visualización e visibilización, gardando unha distancia de seguridade que trata de adaptarse aos límites das parcelas, viarios e fitos xeográficos existentes.

Existen 29 construcións na croa de forma circular simple ou ovalada, unha muralla en forma de espolón, e un foxo xunto cun barrio extramuros. Todas as vivendas contan con fogares e nalgunhas obsérvanse restos de poste. Neste xacemento atopáronse múltiples fragmentos de cerámica indíxena, útiles de ferro e bronce, muíños de pedra, fíbulas, moldes, contas de vidro e outros elementos, hoxe en día expostos no Museo Arqueolóxico da Coruña.

Trátase dun xacemento amplamente coñecido na bibliografía arqueolóxica galega, tanto por ser un dos primeiros asentamentos estudados no comezo das investigacións sobre a cultura castrexa, como por terse desenvolvido nel numerosas intervencións arqueolóxicas. Realizáronse escavacións nas décadas dos anos 30, 70 e 90 do pasado século e, ao longo deste período de tempo, no interior da croa foron postas ao descuberto un bo número de construcións, que forman un conxunto arquitectónico bastante homoxéneo no que se observan similares características construtivas e de conservación.

As investigacións realizadas na campaña de escavación e restauración de 2007 no Castro da Cidade de Borneiro achegaron datos moi novidosos con respecto do Monumento de Forno, documentado en escavacións anteriores. Puido confirmarse a súa funcionalidade análoga a elementos atopados noutros castros, como Punta dos Prados ou Coaña, aínda que neste caso a estrutura ten maiores dimensións. O gran número de estudos e intervencións, así como a boa conservación de boa parte do castro, confiren unhas interesantes expectativas de cara ao seu aproveitamento cultural con fins pedagóxicos e didácticos, facilitando a visita do público e contribuíndo á comprensión tanto do xacemento en particular como da cultura castrexa en xeral.

A XUNTA APROBA A CREACIÓN DAS SOCIEDADES DE FOMENTO FORESTAL, QUE BUSCAN UNHA XESTIÓN MÁIS EFICIENTE E RENDIBLE DO MONTE

- *O Consello deu o visto e prace ao decreto que regula estas agrupacións de propietarios, os seus requisitos e cualificación e a creación do seu rexistro*
- *Ademais, garántese o dereito de propiedade dos socios, que só ceden os dereitos de uso e faise posible a venda de produtos por aproveitamento forestal de maneira directa por parte da propia sociedade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal (SOFOR) e a creación do seu rexistro. Con esta medida dáse cumprimento a un dos compromisos máis importantes dos asumidos polo Goberno Galego en materia de ordenación do monte para esta lexislatura. A aprobación deste Decreto confire personalidade xurídica á figura das SOFOR, que ten como principal obxectivo facer posible unha xestión máis eficiente e rendible do monte, a partir das pequenas parcelas de propiedade forestal particular existentes. Trátase, en definitiva, dunha figura orientada a agrupacións de propietarios de pequenas parcelas forestais, que están en mans duns 600.000 titulares, ocupando unha superficie total de 1.200.000 hectáreas. Procúrase así unha xestión forestal sustentable, baseada na viabilidade económica e a sustentabilidade social e ambiental.

Vantaxes da nova figura

De xeito resumido, as principais vantaxes desta nova figura son: Ten regulación mercantil específica; a súa finalidade non se restrinxe unicamente á prevención de incendios forestais, senón que vai máis alá, buscando a posta en valor do monte e o aumento da renda agraria; a adscrición dos propietarios é sempre voluntaria; permítese capital adicional investidor só no capital social (poden coexistir socios propietarios con outros capitalistas); garántese o dereito de propiedade dos socios, que só ceden os dereitos de uso e a venda de produtos por aproveitamento forestal pode facerse de maneira directa desde a sociedade.

Ordenación forestal

As Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR) son, pois, unha figura societaria, que está orientada á ordenación forestal a partir dun modelo de xestión conxunta e sustentable que posibilita a posta en valor do monte. Este modelo voluntario de responsabilidade –limitada ás achegas para os socios– está baseado no mantemento da propiedade por parte dos titulares dos terreos, que achegan o uso destes á sociedade; cun obxecto social especificamente orientado á xestión, aproveitamento e comercialización dos recursos de xeito conxunto.

Na exposición de motivos deste decreto lémbrese que lograr unha explotación económica rendible do monte se converte nun factor imprescindible para facer posible unha xestión sustentable das superficies forestais de propiedade privada. Este obxectivo resulta de difícil consecución se temos en conta a estrutura da propiedade e a organización do monte en Galicia, que se caracteriza por unha excesiva fragmentación da propiedade e un baixo nivel de articulación corporativa. Engádesse que resulta evidente que, para acadar unha explotación económica rendible e sustentable é fundamental dispoñer dunha superficie mínima adecuada e, para conseguir isto, é imprescindible o impulso e fomento, desde as institucións públicas, das actuacións de concentración, xa sexa da propiedade forestal, xa sexa da súa xestión. Neste contexto, considérase que a figura societaria de responsabilidade limitada se adapta adecuadamente ás necesidades de xestión do monte galego. Trátase, ademais, dunha figura que permite unha diferenciación clara e unha articulación flexible entre propiedade e xestión.

Protagonismo ás persoas

As principais finalidades do decreto aprobado hoxe polo Goberno galego son: en primeiro lugar, fomentar que os propietarios forestais se incorporen de forma voluntaria a sistemas de xestión conxunta dos aproveitamentos forestais, incluíndo os aproveitamentos e a comercialización das producións forestais dirixidos á mellor ordenación e xestión dos montes galegos. En segundo termo, búscase outorgar un maior protagonismo ás persoas silvicultoras, permitíndolles alcanzar unha rendibilidade das súas propiedades forestais, e a conseguinte consolidación da súa propiedade. Por outra banda, trátase de posibilitar unha axeitada xestión sustentable das superficies forestais de propiedade privada, alcanzando superficies extensas dabondo de xestión conxunta e a aplicación de instrumentos de xestión forestal sustentable.

Por último, outro dos obxectivos da norma aprobada hoxe é reducir o nivel de abandono do monte galego e diminuír o risco de incendios forestais.

Definición

Serán consideradas como sociedades de fomento forestal aquelas agrupacións de propietarios forestais que asocian a persoas titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal, que ceden os devanditos dereitos de uso á sociedade. Tamén poderán asociar a outras persoas físicas ou xurídicas que non sexan titulares de dereitos de uso de parcelas, sempre e cando a súa participación non supere o 49% das participacións sociais. Entre os requisitos xerais que se establecen para as SOFOR figuran os de ter a forma xurídica de sociedade de

responsabilidade limitada, ter o domicilio social e fiscal en Galicia e inscribirse no rexistro creado para tal efecto no propio Decreto.

Superficie

De xeito máis detallado, o decreto enumera as condicións que teñen que cumprir estas figuras societarias. Entre elas atópase a superficie forestal mínima a xestionar conxuntamente que, atendendo á súa tipoloxía, será a seguinte: Para plantacións forestais de froito, 15 hectáreas; para plantacións de frondosas caducifolias ou masas preexistentes de frondosas autóctonas, 25 hectáreas e, por último, para outras plantacións ou aproveitamentos forestais, 50 hectáreas.

Ademais, establécese o requisito de que as SOFOR deberán dispor, por calquera medio xurídico válido, dos dereitos de uso da superficie forestal. En canto á delimitación desa superficie, establécese que poderá estar formada por un máximo de tres unidades en couto redondo, sendo a extensión mínima de cada unha delas a equivalente ao 25% da mínima establecida polo propio decreto. Poderán incluír ata un 30% de superficie de encravados, que non computarán para os efectos da superficie mínima esixida, deberán estar contidas nun mesmo termo municipal ou en concellos lindantes e non se verán interrompidas por límites naturais (ríos, lagos, etc.), artificiais (vías de comunicación) nin administrativos (concellos, provincias).

As SOFOR terán que dispor, segundo establece esta normativa, dun Instrumento de Planificación da Xestión Forestal, aprobado pola dirección xeral competente en materia de montes, entendéndose por tal os proxectos de ordenación de montes, plans técnicos ou outras figuras equivalentes.

En canto ao seu obxecto social, establécese que unicamente poderá ser a explotación e aproveitamento en común dos terreos forestais dos que o uso das parcelas foi cedido á Sociedade, mediante unha xestión sustentable e viable dos mesmos, concretada nos aproveitamentos forestais definidos na Lei de Montes: Os madeireiros e leñosos, incluída a biomasa forestal, os de cortiza, pastos, caza, froitos, fungos, plantas aromáticas e medicinais, produtos apícolas e os demais con valor de mercado característicos dos montes.

A cesión de dereitos de uso á sociedade realizarase por un prazo indefinido ou determinado e concreto, sempre por un mínimo de 25 anos. Será ben a través de achegas non en diñeiro ao capital social ben por medio de prestacións accesorias.

Rexistro

O Decreto establece tamén a creación do Rexistro de SOFOR, que ten entre as funcións a de inscribir as agrupacións de propietarios forestais e cualificalas con esta

figura societaria e, se é o caso, determinar a baixa daquelas sociedades que perderan tal cualificación; recibir a información periódica a proporcionar polas SOFOR, cualificala e inscribila; realizar a ordenación, tratamento e publicidade da información rexistral acumulada e resolver as cuestións que sexan da súa competencia, en aplicación da normativa correspondente.

Incentivos

Neste decreto regúlanse ademais os incentivos susceptibles de aplicación para esta figura. Así, establécese que as SOFOR con inscrición definitiva no rexistro poderán beneficiarse de subvencións de ata o 100% dos gastos necesarios para a realización da concentración das propiedades integradas na sociedade. Neste caso, cando menos o 70 por cento da superficie a concentrar debe ser de titularidade da propia SOFOR ou dos seus socios.

Tamén poderán recibir axudas de ata o 100% dos custos de redacción do proxecto de obras e infraestruturas comúns, e da mesma porcentaxe para cubrir os custos de redacción do Instrumento de Planificación da Xestión Forestal. A subvención poderá chegar ao 70% dos custos de execución de infraestruturas comúns derivadas do proceso de concentración privada das parcelas. Para facilitar a inclusión no rexistro das SOFOR de entidades constituídas baixo distintas figuras xurídicas que agrupen á propiedade forestal, neste decreto recóllese un período de doce meses.

A XUNTA APROBA UN ANTICIPO DE ATA O 90% DOS IMPORTES DE DÚAS LIÑAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS AOS CONCELLOS GALEGOS

- ***As axudas son da Consellería de Presidencia e están destinadas á contratación de auxiliares de policía local no verán e ao fomento do asociacionismo municipal***

O Consello da Xunta de hoxe deu o visto e praxe á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para anticipar ata un 90% os importes de dúas liñas de axudas que teñen como destinatarias as entidades locais galegas. Concretamente, tratase dunha orde para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante os meses de verán e outra destinada ao fomento do asociacionismo municipal.

Este adianto no pagamento das axudas enmárcase no obxectivo xeral da Xunta de Galicia para este ano 2011, centrado en axilizar a tramitación dos fondos públicos - neste caso axudas e subvencións- para poder ofrecer un mellor servizo ao conxunto da cidadanía. Neste sentido, o pasado mes de febreiro, o Goberno galego presentou a súa primeira programación de ordes de axudas e subvencións co obxecto de axilizar prazos e pagamentos e acelerar a circulación de crédito entre os beneficiarios.

A primeira das ordes cuxo adianto de pagamentos se aprobou esta mañá é para a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante os meses de verán: xuño, xullo, agosto e setembro. Así, a Consellería de Presidencia contribuirá cunha achega de 155.000 euros a aumentar a eficacia dos corpos de policía local no desenvolvemento das súas funcións durante a temporada estival.

Poderán solicitar estas subvencións os concellos que non superen os 30.000 habitantes e vexan aumentada de forma notoria a súa poboación durante os meses estivais e que teñan presentadas as súas contas correspondentes ao exercicio orzamentario de 2009 no Consello de Contas de Galicia.

Corresponderalle ao concello peticionario o pagamento, como mínimo, do 25% do importe total do contrato formalizado cos auxiliares de policía local. Ademais, o número de contratos temporais que subvencione a Consellería non poderá superar o 50% do persoal funcionario da súa policía local.

Non serán consideradas as solicitudes dos municipios que non teñan actualizado o envío de datos da súa policía local ao Rexistro de Policía Local de Galicia da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes, que será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no

Diario Oficial de Galicia. Na avaliación das peticións ponderaranse aspectos como a ratio de policía/poboación do concello, a relación de necesidades municipais, a memoria de actividades a realizar póla policía neste período estival e a declaración de municipio turístico. A contía máxima por subvención será de 20.000 euros.

Fomento do asociacionismo municipal

Doutra banda, as axudas económicas destinadas ao fomento do asociacionismo municipal, a través de mancomunidades de municipios e consorcios locais, conta cun orzamento de 140.959 euros. Así, establécense subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2011 en favor destas entidades no que se refira aos gastos de funcionamento ou aos referidos á prestación de servizos de carácter obrigatorio para os municipios asociados.

Para pedir estas axudas, as organizacións interesadas deberán ter presentadas as súas contas do exercicio 2009 no Consello de Contas de Galicia. Non serán consideradas as solicitudes daquelas entidades supramunicipais que non teñan actualizados os seus datos no rexistro de entidades locais da Consellería de Presidencia, e o mesmo sucede cos consorcios locais dos que forma parte a Xunta e financia, en todo ou en parte, os seus gastos de funcionamento.

Na valoración de solicitudes ponderaranse criterios como o número de núcleos de poboación que son atendidos pola entidade; os servizos que esta presta con carácter intermunicipal; os proxectos que supoñan unha racionalización de actuacións e un aforro de custos en relación coa prestación de forma illada por cada concello; as necesidades da entidade reflectidas na petición, así como o emprego do galego nas actividades para as que se solicita a axuda. O prazo para presentar solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 34,1 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA E CONSERVACIÓN DOS MÁIS DE 1.500 QUILÓMETROS DA REDE VIARIA AUTONÓMICA DA PROVINCIA DE LUGO

- *Con estas actuacións garántese o mantemento das estradas de titularidade autonómica*
- *Os contratos aprobados hoxe supoñen un beneficio para os máis de 344.000 habitantes da provincia luguesa*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un acordo polo que autoriza o gasto de máis de 34,1 millóns de euros, en obras de conservación ordinaria nos máis de 1.500 quilómetros da rede viaria das zonas norte e sur da provincia de Lugo. O propósito destas actuacións é o de garantir o mantemento da rede de estradas de titularidade autonómica, o que permite unha axeitada limpeza e coidado da rede viaria.

As obras que se van levar a cabo corresponden a unha xestión integral de conservación ordinarias das estradas, nas que se inclúe tamén as actuacións necesarias para o mantemento das condicións estruturais do firme, así como a reparación urxente de zonas puntuais danadas ben por causas naturais ou provocadas por algún accidente.

As unidades de obra divídense en tres grupos:

- **Grupo I:** accións de vixilancia, atención a emerxencias e incidencias, así como viabilidade ambiental.
- **Grupo II:** labores de conservación ordinaria.
- **Grupo III:** operacións destinadas á conservación ordinaria programada, así como á atención de incidencias relevantes.

Grazas a este investimento, o departamento de Medio Ambiente do Goberno galego realizará reparacións dos elementos degradados ou a reposición completa, se é preciso. Así mesmo, proxéctanse labores revexetación, fresadura, roza e limpeza das marxes das estradas, e a reposición da sinalización horizontal ou vertical, entre outras.

Máis actuacións

Así mesmo, levaranse a cabo operacións imprescindibles para facilitar ou facer posible a circulación dos vehículos na infraestrutura existente, prestando especial atención ao Plan de Vialidade Invernal da Xunta de Galicia.


Os traballos neste eido van encamiñados ao desenvolvemento de medidas preventivas, como a extensión de fundentes, ou medidas para garantir a seguridade, como os quitaneves.

Os contratos aprobados hoxe terán vixencia durante os vindeiros cinco anos, comezando neste mesmo exercicio, e supoñen un beneficio para os máis de 344.000 habitantes da provincia lucense; máis de 133.000 da área norte e case 211.500 da sur.

RESUMO ORZAMENTOS CONSERVACIÓN INTEGRAL NA PROVINCIA DE LUGO	
ZONA	INVESTIMENTO
Lugo norte	16.280.826,78
Lugo sur	17.891.242
TOTAL	34.172.068,78

Todas estas accións se levarán a cabo en máis de 1.500 quilómetros das estradas da provincia de Lugo, 684,2 quilómetros correspondentes a Lugo norte e 821, 5 quilómetros a Lugo sur.

Conservación Ordinaria e Viabilidade Invernal. Lugo Norte e Lugo Sur



A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PARQUE EÓLICO DE HÉPOTAS COMO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

- *O trámite supón o último paso administrativo autonómico, que permite á empresa promotora solicitar a licenza municipal para o inicio das obras*
- *A aprobación do proxecto sectorial é un novo avance na redución da dependencia de fontes de enerxía contaminantes*
- *A posta en marcha deste proxecto implica un investimento superior aos 7 millóns de euros por parte da empresa promotora*
- *O Goberno galego ten por obxectivo asociar a recuperación do liderado de Galicia como produtora de enerxía limpa á reactivación económica da Comunidade Autónoma*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe definitivamente o proxecto do parque eólico Hépotas, no Concello de Muras (Lugo), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, un trámite que supón o último paso na tramitación administrativa de competencia autonómica, que permite á empresa promotora solicitar a licenza municipal, para o inicio das obras.

O parque eólico de Hépotas ten acadada a cualificación de proxecto de incidencia supramunicipal por tratarse da implantación dunha infraestrutura que, pola súa magnitude, importancia ou especiais características ten unha incidencia que transcende o Concello de Muras, no que se localiza. Neste sentido, cómpre ter en conta que a posta en marcha deste proxecto implica un investimento superior aos 7 millóns de euros, por parte da empresa promotora.

A aprobación do proxecto sectorial deste Parque Eólico permitirá a implantación dunha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, como é a enerxía eólica, que supón un novo avance no desenvolvemento deste tipo de enerxías e un paso máis na redución da dependencia de fontes de enerxía contaminantes, como os combustibles fósiles, a prol do obxectivo europeo de incrementar a produción enerxética procedente de fontes renovables, acadando una cota mínima do 20%, no horizonte 2020.

A Xunta de Galicia mantén unha estratexia de apoio ás enerxías limpas, na que ten priorizado o vento como a principal fonte de desenvolvemento enerxético da Comunidade Autónoma. Neste sentido, aprobouse unha nova normativa eólica e tense posto en marcha o maior concurso eólico de Galicia, asociado á creación de novos plans industriais e postos de traballo.

Deste xeito, a iniciativa do Goberno galego ten por obxecto asociar a recuperación do liderado de Galicia, como produtora de enerxía limpa, á reactivación económica da Comunidade Autónoma.

SANIDADE DESTINA 11,2 MILLÓNS DE EUROS Á COMPRA DE ABSORBENTES E CUEIROS PARA TODOS OS CENTROS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- *Esta actuación permite un aforro estimado de máis de 5 millóns de euros, unha mellora da eficiencia operativa, e unha mellor e máis equitativa prestación*
- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación centralizada para a subministración destes produtos, mediante concurso aberto e durante dous anos*
- *Trátase dunha medida máis enmarcada na estratexia de garantir a sustentabilidade do sistema sanitario público*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación para a subministración de material de incontinencia urinaria con destino a centros hospitalarios dependentes do Servizo Galego de Saúde e para as residencias sociosanitarias. O importe total da contratación ascende a 11.220.928 euros para o período que vai desde a sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2012.

A contratación desta subministración propónse por período de dous anos a través de tramitación ordinaria e procedemento de adxudicación aberto para contratar as subministracións de bens de forma sucesiva e por prezo unitario mediante acordo marco cun único empresario.

Esta actuación permite un aforro significativo na compra dos absorbentes urinarios estimado en máis de 5 millóns de euros anuais entre o importe de licitación e o PVP na oficina de farmacia polo aforro nas marxes de distribución e dispensación.

O obxectivo é acadar as mellores condicións económicas e técnicas, isto é, mellorar a eficiencia operativa (evitando que se repliquen estes expedientes de contratación en cada centro de gasto), obter unha mellor e máis equitativa prestación, e mellorar as condicións, acadando as máximas garantías de servizo aos centros. Con este sistema de adquisición centralizada establécese un prezo único para cada produto e despois cada un dos centros de gasto procederá a realizar os pedidos do material que necesiten aboando o importe con cargo ás partidas orzamentarias de que dispón cada un deles.

Sustentabilidade do sistema

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, no marco da súa estratexia de garantir a sustentabilidade do sistema sanitario, tramita desta forma, por vez primeira, un concurso para a licitación de produtos sanitarios, en concreto, absorbentes e cueiros, cun prezo máximo.

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, asinou o pasado mes de agosto un acordo mediante o que se ratificou a colaboración cos presidentes dos catro colexios de farmacéuticos galegos e con representantes dos almacéns de distribución de medicamentos e produtos sanitarios.

Así, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia pon en marcha unha nova actuación que vén complementar outras iniciativas garantindo que todos os cidadáns teñan o acceso ás prestacións sanitarias nas debidas condicións de efectividade e seguridade.

As administracións sanitarias están obrigadas a adoptar as medidas necesarias para instrumentar un sistema áxil, eficaz e independente que favoreza aos profesionais, ás empresas, e tamén favorecer ao público en xeral, coa finalidade de mellorar o cumprimento terapéutico, evitando os riscos derivados do uso incorrecto, así como concienciar a cidadanía do valor económico do medicamento.

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO PLAN DIRECTOR DE ACUICULTURA QUE PERMITIRÁ A GALICIA DESENVOLVER ESTA ACTIVIDADE CON GARANTÍAS XURÍDICAS, AMBIENTAIS E SOCIAIS

- *O Consello da Xunta acordou suspender o Plan Galego de Acuicultura de 2008 para adaptalo ás disposicións vixentes do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia e ás directrices de ordenación do territorio recentemente aprobados*
- *O obxectivo principal do PDA de Galicia é definir as directrices para a instalación de establecementos de cultivos mariños na zona terrestre e máis a ampliación dos establecementos existentes*
- *O PDA de Galicia plasmará os seus obxectivos a partir dos resultados do estudo encargado á Universidade da Coruña a través do cal se poderán delimitar as zonas do litoral galego aptas para o desenvolvemento da acuicultura e que requirirán tramitacións diferentes para a actividade acuícola*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o inicio da tramitación do Plan Director de Acuicultura (PDA) de Galicia que vai permitir desenvolver esta actividade en determinadas zonas con garantías xurídicas, ambientais e sociais. En paralelo á tramitación do PDA de Galicia e para adecualo ás directrices do POL, decidiuse suspender o Plan Galego de Acuicultura de 2008. A Xunta entende que é necesario suspendelo para adaptalo ás disposicións vixentes do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia recentemente aprobado, así como para cumprir co disposto na determinación 3.3.22 das directrices de ordenación do territorio (DOT) que establece que o Goberno Autonómico elaborará un plan específico para a ordenación da acuicultura en terra.

O obxectivo principal do PDA de Galicia é definir as directrices para a instalación de establecementos de cultivos mariños na zona terrestre, así como para a ampliación dos establecementos existentes. Dentro deste obxectivo xeral hai 6 máis específicos:

1. Inclusión dos criterios e dos contidos do Plan de Ordenación do Litoral á vista das especificidades construtivas que precisan as instalacións de acuicultura.
2. Enumerar as condicións mínimas que deben de cumprir as zonas da costa nas que se poida desenvolver un proxecto de acuicultura intensiva en zona terrestre.
3. Establecer criterios obxectivos que fagan compatibles as instalacións acuícolas coas actividades tradicionais que se desenvolven no noso litoral, especialmente o marisqueo, a pesca e o turismo.
4. Inclusión das condicións ambientais que permitan a implantación de plantas de acuicultura enerxeticamente sustentables mediante o desenvolvemento das enerxías renovables.

5. Programar as medidas correctoras mínimas que deben de incluír os proxectos de acuicultura que se desenvolvan no noso litoral.
6. Fixar criterios no que se refire á compatibilidade do desenvolvemento das plantas de acuicultura coas características ambientais, naturais e paisaxísticas e as súas figuras de protección.

Para plasmar todos estes obxectivos, a Consellería do Mar encargou un estudo, con base en criterios obxectivos, á Universidade da Coruña sobre a adecuación do territorio para a implantación de parques acuícolas nas costas de Galicia para seleccionar, con base a este, aquelas zonas que consigan un desenvolvemento equilibrado entre os seus valores paisaxísticos, ecolóxicos, sociais e económicos. Ao abeiro dos resultados obtidos, poderanse determinar as zonas aptas para realizar acuicultura en Galicia. Estableceranse 4 niveis que incluírán:

1. As zonas sen protección de clase algunha (incluíndo os solos clasificados como de uso industrial así como os portuarios).
2. As zonas do territorio que abranguen solo clasificado como rústico de especial protección (agás o de infraestruturas), que non conteñan réxime adicional de protección, incluíndo nesta categoría as zonas de recualificación do POL.
3. As zonas con protección autonómica a través dos seus instrumentos de ordenación do territorio.
4. As zonas de protección superior: Rede Natura 2000, hábitats prioritarios, LIC, ZEPA, etc.

Así mesmo, o PDA de Galicia formulará as condicións para o desenvolvemento da acuicultura establecendo unha tramitación diferenciada graduada en función da capacidade de acollida do territorio, priorizando e facilitando aquelas localizacións sen protección dos valores ecolóxicos, paisaxísticos e do patrimonio cultural. Deste xeito teríamos os seguintes escalóns:

- Zonas que permiten o desenvolvemento da actividade a través dunha autorización directa.
- Zonas nas que para o impulso da actividade acuícola precisan dun plan sectorial.

Galicia pioneira en acuicultura

Os acordos acadados hoxe no Consello da Xunta supoñen un paso máis no executivo de Feijóo no seu compromiso de desbloquear a situación de parálise da acuicultura que padeceu Galicia nos últimos anos cando o anterior Goberno paralizou o Plan Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria aprobado en 2005 e que ía contribuír ao desenvolvemento desta actividade na nosa Comunidade Autónoma. A partir dese

intre, Galicia estivo sen posibilidade de desenvolver a acuicultura ata o Plan de Acuicultura de 2008 que, pese a estar en vigor ata o día de hoxe, non facilitou a posibilidade de crear novas plantas.

Co inicio da tramitación do PDA de Galicia iníciase un camiño que achega a seguridade xurídica e administrativa para o desenvolvemento da actividade acuícola que dotará Galicia das ferramentas para poder multiplicar os actuais 4.000 postos de traballo que xeran na actualidade as distintas actividades relacionadas coa acuicultura na nosa comunidade. Deste xeito, dáselle a Galicia a oportunidade de que conserve e afiance o seu lugar punteiro en materia acuícola, máxime tendo en conta as críticas da Comisión Europea e do Consello Económico e Social sobre o escaso desenvolvemento na UE desta actividade respecto doutros lugares no mundo.

SANIDADE PON EN MARCHA UN PROCEDEMENTO PARA QUE OS SEUS PROFESIONAIS XUBILADOS POIDAN MANTER AS FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN E O ACCESO ÁS FONTES DE COÑECEMENTO

Un dos piares da Estratexia Sergas 2014 é velar e coidar aos seus profesionais. O sistema sanitario público de Galicia está composto por persoas e é necesario que a organización se ocupe deles durante o seu exercicio e despois de que, por razóns de xubilación, o abandonen.

O departamento que dirixe Pilar Farjas non quere que os profesionais rompan o vínculo de relación, xa que considera importante que persoas altamente cualificadas poidan manter a súa actividade intelectual e ter posibilidade de seguir comunicándose coa organización pública sanitaria e cos seus compañeiros de profesión.

Por iso, a Consellería de Sanidade puxo en marcha un procedemento polo que os seus profesionais poderán manter as ferramentas de comunicación (correo electrónico e acceso á Intranet corporativa), así como os acceso a fontes do coñecemento que utilizan no seu traballo cotiá (biblioteca virtual –Bibliosaúde-), e, deste xeito, dar continuidade a estes servizos como proba de agradecemento polo esforzo realizado durante os seus anos de servizo.

O acceso a estes servizos por parte do persoal xubilado é efectivo dende o 1 de marzo deste ano, e o procedemento a través do que os profesionais de Sanidade poden solicitar a continuidade destas prestacións (Bibliosaúde, correo electrónico e acceso á Intranet do Sergas) é moi sinxelo, tendo que cubrir e asinar, unicamente, un formulario de solicitude.

O persoal que se xubile a partir da posta en marcha deste procedemento seguirá usando o mesmo enderezo de correo, o mesmo identificador de usuario e o mesmo contrasinal para acceder aos tres sistemas. Para o persoal xubilado antes do 1 de marzo, reactivarase a conta de usuario que tiña o solicitante cando estaba en activo.

O acceso a estes servizos supón, por parte do usuario, a aceptación das condicións de acceso aos mesmos, marcadas pola Consellería de Sanidade, tanto para o correcto manexo do usuario e contrasinal xerado, como as condicións específicas de explotación, sendo o non cumprimento motivo de revogación do servizo.

Descrición dos servizos

A biblioteca virtual do Sergas, Bibliosaúde, está constituída polo conxunto de bibliotecas do sistema sanitario público galego. O obxectivo é poñer á disposición dos

usuarios información relevante para a toma de decisións na práctica clínica, a docencia e a investigación, ademais de fomentar a actualización.

A finalidade é difundir o coñecemento científico-técnico nas Ciencias da Saúde a través de Internet, e reunir, nun único sitio, diferentes fontes de información, garantindo a calidade e a actualización dos seus contidos.

A biblioteca virtual do Sergas (<http://bibliosaude.sergas.es>) é referente en España e posibilita o acceso, dende o domicilio dos nosos profesionais, a máis de 3.100 revistas dixitais de contido científico, ademais de libros electrónicos e bases de datos bibliográficas, superando as 25.000 consultas mensuais.

A Intranet do Sergas proporciona un acceso centralizado a todos os profesionais da información e servizos ofrecidos pola Consellería de Sanidade. Toda a información presentada está dirixida a complementar a educación, formación, asesoramento e traballo en grupo no ámbito sanitario, permitindo unha capitalización do coñecemento. No pasado ano, a Intranet do Sergas superou os tres millóns de accesos.

Pola súa banda, o correo electrónico é un dos medios máis utilizados polos profesionais de Sanidade para comunicarse entre eles. Todos os membros da organización teñen conta de correo corporativo e o número de mensaxes enviadas por este medio superou os 3,4 millóns no ano 2010.

O PAZO DE MEIRÁS ABRIRASE AO PÚBLICO ANTES DE REMATA MARZO

- ***A Consellería de Cultura e Turismo formalizou o convenio coa propiedade do Ben de Interese Cultural que permitirá a apertura ao público do Pazo***

O Consello da Xunta vén de informar acerca do convenio formalizado o pasado 24 de febreiro entre a Consellería de Cultura e Turismo e a propiedade do Pazo de Meirás, segundo o que o Ben de Interese Cultural abrirá as súas portas ao público antes de rematar o presente mes de marzo.

En virtude do texto do acordo, no que se establecen as condicións de apertura e as visitas públicas gratuítas ao Pazo, a propiedade deberá garantir a apertura do ben como mínimo durante catro días ao mes. As visitas guiadas, en galego ou en castelán, contarán cun control de seguridade.

Segundo o convenio, o itinerario guiado terá unha duración aproximada de unha hora e media. O percorrido estableceuse tendo en conta a súa declaración como Ben de Interese Cultural.

As Torres de Meirás foron declaradas Ben de Interese Cultural con categoría de sitio histórico polo Decreto 299/2008. No entanto, ata o de agora permanecía pechado para o público en xeral. Segundo a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, a apertura ao público do monumento é unha obriga do propietario ao tratarse dun ben particular. Deste xeito, a Xunta de Galicia levou a cabo todas as medidas necesarias para posibilitar a súa apertura.